



## Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Manifestacións artísticas e literarias dos países de fala inglesa		Código	613505118	
Titulación	Mestrado Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (2019)				
Descriptorios					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	Inglés				
Modalidade docente	Híbrida				
Prerrequisitos					
Departamento	Filoxía InglesaLetras				
Coordinación	Nuñez Puente, Carolina	Correo electrónico	c.nunez@udc.es		
Profesorado	Nuñez Puente, Carolina	Correo electrónico	c.nunez@udc.es		
Web	www.imaes.eu/?page_id=31				
Descrición xeral	<p>Estudo das interaccións entre a literatura en lingua inglesa e outras manifestacións artísticas no contexto anglófono, como pintura, teatro, televisión, cine, etc. Análise das diferencias e similitudes temáticas e estéticas; estudo das particularidades, posibilidades e límites das linguaxes empregadas; exemplos de incorporación de aspectos dunha disciplina artística noutra diferente, contextualizados no caso dos países de fala inglesa.</p> <p>A materia fai especial fincapé na aplicabilidade dos contidos en ámbitos profesionais como a crítica cultural, ou a xestión de contidos culturais, para o que se proporcionará ao alumnado un vocabulario crítico axeitado e se lle ensinará a comentar e a escribir reseñas sobre manifestacións artísticas.</p>				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A10	E10. Capacidade de utilizar as técnicas empregadas para a análise de textos artísticos e culturais no ámbito anglófono
A12	E12. Capacidade para comprender diferentes achegas teóricas e críticas así como a súa aplicación á análise de textos literarios e culturais no ámbito anglófono.
A13	E13. Coñecemento das relacións entre as principais manifestacións artísticas e literarias no ámbito anglófono.
B1	CB6. Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
B3	CB8. Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	CB9. Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
B5	CB10. Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B6	CX1. Capacidade de afondar naqueles conceptos, principios, teorías ou modelos relacionados cos distintos campos dos Estudos Ingleses, así como de coñecer a metodoloxía necesaria para a resolución de problemas propios de devandita área de estudo
B7	CX2. Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos na contorna multidisciplinar e multifacética dos Estudos Ingleses
B8	CX3. Capacidade para utilizar de forma eficiente as novas tecnoloxías da información e da comunicación no ámbito dos Estudos Ingleses.
B9	CX4. Capacidade para presentar en público experiencias, ideas ou informes, así como emitir xuízos en función de criterios, de normas externas ou de reflexións persoais para o que será necesario alcanzar un dominio suficiente da linguaxe académica e científica tanto na súa vertente escrita como oral.
B10	CX5. Habilidade para investigar e manexar novos coñecementos e información no contexto dos Estudos Ingleses
B11	CX6. Capacidade para adquirir un espírito crítico que leve aos estudantes a considerar a pertinencia das investigacións existentes nas áreas de estudo que conforman os Estudos Ingleses, así como das súas propias.



B12	CX7. Habilidades de consolidación e desenvolvemento da competencia lingüística (nivel C2) no uso falado e escrito da lingua inglesa.
B13	CX8. Autonomía progresiva na aprendizaxe, procura propias de recursos e información, accedendo para iso a fontes bibliográficas e documentais sobre os distintos ámbitos que conforman os Estudos Ingleses.
B14	CX9. Capacidade para realizar traballos de investigación de carácter académico nos distintos ámbitos dos Estudos Ingleses
B15	CX10. Capacidade para presentar e defender un traballo de investigación utilizando a terminoloxía e os recursos adecuados e apropiados dentro do campo obxecto de estudo.

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Ser capaz de relacionar a literatura con outros textos artísticos e co contexto social, económico, cultural e político no que foron escritas (as obras literarias) / producidas (as visuais).	AI12 AI13	BI5 BI7 BI10 BI12 BI13 BI14
Ser capaz de ler críticamente os textos narrativos, dramáticos e artísticos e de organizar e presentar as leituras dos textos tanto de xeito oral como escrito.	AI10 AI12 AI13	BI1 BI3 BI4 BI5 BI6 BI7 BI8 BI9 BI10 BI11 BI12 BI13 BI14 BI15

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Cinema e literatura	Película, curtametraxe, novela, narrativa breve, teatro, etc.
2. TV e literatura	Película, serie de TV, biografía, novela, teatro, etc.
3. Outras manifestacións artísticas	Pintura, música, performance, Instapoesía, blog literario, etc.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas a través de TIC	B3 B5 B6 B8 B10 B12 B13	0	7	7
Seminario	A12 A13 B4 B6 B9 B11 B12	14	35	49
Traballos tutelados	A10 A12 A13 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15	0	18	18



Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	Cada estudante deberá responsabilizarse de traballar todo o material asignado e dispoñible na plataforma virtual Moodle e estar preparadx para o debate e discusión en clase.
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá completar dous traballos breves para presentar na aula (20% da nota) e un traballo final que poderá consistir nun exercicio de análise crítica ou nunha crítica de campo (40% da nota).

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Estou encantada de recibir ao alumnado no meu gabinete e/ou a través de Teams nas horas de tutoría con cita previa.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A10 A12 A13 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15	-Ensaio (40%): Escrbiredes un traballo de investigación que compare un dos produtos culturais estudados neste curso cunha obra da vosa elección. O ensaio debe seguir as pautas de estilo de MLA, entre outros requisitos (a determinar na aula).  -Presentación en clase (20%): O estudantado expoñerá sobre algún aspecto relacionado cos contidos da materia. Requírese o uso de PowerPoint; proporcionaranse máis indicacións ao seu debido tempo.	60
Seminario	A12 A13 B4 B6 B9 B11 B12	O alumnado dispoñerá de textos e documentos audiovisuais que serán analizados na aula en profundidade. Espérase veñades a clase realizando as lecturas e os visionados con antelación; ademais, debedes participar con preguntas e comentarios.	30
Prácticas a través de TIC	B3 B5 B6 B8 B10 B12 B13	Haberá un foro en Moodle onde teredes que subir dúas tarefas: copiar e pegar a lista bibliográfica utilizada nos vosos traballos, que pode ser útil para os vosos/as compañeiros/as; enumerar e explicar os 5 puntos máis importantes que aprendestes neste curso.	10

Observacións avaliación
-------------------------



-Todas las actividades, incluidos los exámenes, tienen que estar escritas con letra clara; los errores de gramática, vocabulario, deletreo, puntuación y estilo en general repercutirán negativamente en las notas.-Os traballos e actividades deberán ser entregados en tempo e forma para así evitar unha penalización do 25% sobre a nota obtida nos mesmos.-O fraude en calquera actividade significará a cualificación de "cero". O profesorado poderá usar o servizo de detección do plaxio ?Turnitin? para revisar o traballo do alumnado.-Aquel(a) estudante que non leve a cabo o traballo tutelado ou non teña realizado traballo igual ou superior ao 50% do resto das categorías de avaliación acadará a cualificación de NP ("Non Presentado").-A avaliación de xullo contará cos mesmos apartados que en xuño, excepto polo seminario que se substituirá por un control de lecturas e visionados.-Dado o carácter semi-presencial do título, a asistencia é obrigatoria, salvo dispensa solicitada en tempo e forma e concedida pola Comisión Académica Universitaria do título. Quen teña concedida dita dispensa, como establece a Normativa de permanencia da universidade, será avaliad@ seguindo os criterios aplicables á convocatoria de xullo. -O alumnado que se presente á convocatoria adiantada de decembro avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.-A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: [pat.filoloxia@udc.gal](mailto:pat.filoloxia@udc.gal)). -De acordo con as distintas normativas que rexen a docencia universitaria, é necesario incorporar a perspectiva de xénero nesta materia. Isto inclúe, entre outras medidas, o uso dunha linguaxe non sexista, bibliografías inclusivas desde a perspectiva de xénero e fomentar a participación de todo o alumnado en clase, independentemente do seu xénero.-Prestaremos especial atención a identificar e abordar os prexuízos e actitudes sexistas. Traballaremos activamente na modificación desta contorna e na promoción de valores de respecto e igualdade.-Os nosos esforzos centraranse en detectar casos de discriminación de xénero e implementar as accións apropiadas para corrixir os devanditos casos.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<p>BIBLIOGRAFÍA BÁSICA Cahir, Linda Costanzo. Literature into Film: Theory and Practical Approaches. McFarland, 2006. Cartmell, Deborah, and Imelda Whelehan, editors. The Cambridge Companion to Literature on Screen Cambridge: CUP, 2007. Cascajosa Virino, Concepción. El espejo deformado: versiones, secuelas y adaptaciones en Hollywood. U de Sevilla, 2006. Cornell, Drucilla. Clint Eastwood and Issues of American Masculinity. Fordham UP, 2009. Creed, Barbara. The Monstrous Feminine: Film, Feminism, Psychoanalysis. Routledge, 1993. Fraser, Hilary. Women Writing Art History in the Nineteenth Century: Looking Like a Woman. CUP, 2014. Giddings, Robert, and Erica Sheen, editors. The Classic Novel: From Page to Screen. Manchester UP, 2000. Heffernan, James A. W. Museum of Words: The Poetics of Ekphrasis from Homer to Ashbery. Chicago: The U of Chicago P, 1993. Hutcheon, Linda. A Theory of Adaptation. Routledge, 2012. Kuhn, Annette. Women's Pictures: Feminism and Cinema. Verso, 1994. Lindner, Katharina. Film Bodies: Queer Feminist Encounters with Gender and Sexuality in Cinema. I.B. Tauris, 2017. Mitchell, W.J.T. Picture Theory. Chicago: The U of Chicago P, 1994. Monaco, James. How to Read a Film: Movies, Media, and Beyond. OUP, 2009. Mulvey, Laura. Afterimages: On Cinema, Women and Changing Times. Reaktion, 2020. Sanders, Julie. Adaptation and Appropriation. Routledge, 2005. Shohat, Ella, et al, editors. Multiculturalism, Postcoloniality, and Transnational Media. Rutgers UP, 2003. Stam, Robert. Indigeneity and the Decolonizing Gaze: Transnational Imaginaries, Media Aesthetics, and Social Thought. Bloomsbury, 2023. ---, editor. Film Theory: An Introduction. Wiley-Blackwell, 2000. Vidal Claramonte, María del Carmen. África. Arte y literatura. Interrelación entre la pintura y la literatura del siglo XX. Palas Atenea, 1992. Yaszek, Lisa, et al, editors. The Routledge Companion to Gender and Science Fiction. Routledge, 2023.</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías